

OFERTA DE EMPREGO TÉCNICA/O AMBIENTAL

Funcións:

Desenvolvemento de programas de compostaxe doméstica na Provincia de Pontevedra levando a cabo as seguintes actividades:

- Formación teórica sobre a problemática dos residuos en Galicia.
- Formación teórica e práctica sobre o proceso de compostaxe.
- Seguimento educativo e técnico do proceso da compostaxe con familias.
- Elaboración de informes e memorias de actividades.
- Desenvolvemento de accións de comunicación (notas de prensa, roldas de prensa, actualización rr.ss.)
- Seguimento económico do proxecto.
- Captación de fondos e realización de actividades e proxectos relacionadas coa Área de Recursos Naturais e Residuos.
- Apoio as demais áreas da asociación.

Perfil

Imprescindible:

- Formación ambiental.
- Experiencia no ámbito da educación ambiental
- Aliñamento cos valores e principios da asociación
- Galego fluído
- Ofimática e internet a nivel de usuario avanzado
- Coñecementos de programas de xestión de bases de datos
- Capacidade de organización e traballo en equipo

- Habilidades comunicativas e intelixencia emocional
- Permiso de conducir tipo B1
- Vehículo propio
- Disponibilidade para traballo de campo: Formacións, visitas a familias, asistencia a eventos.
- Participación na xornada formativa específica sobre o proxecto, prevista para comezos do mes de marzo en Pontevedra.

Valorarase

- Formación previa e/ou experiencia profesional en temáticas específicas relacionadas co programa: xestión de recursos naturais e residuos, compostaxe, políticas ambientais.
- Capacidade para motivar
- Experiencia previa en asociacións ambientais ou sociais
- Coñecementos de ferramentas de comunicación audiovisual e redes sociais
- Valorarase a residencia nalgún destes tres concellos: O Grove, Vilaboa ou Mondariz.

Ofrecemos:

- Contrato dun ano (6 meses de proba) a 35h semanais.
- Incorporación inmediata
- Flexibilidade de horarios
- Oportunidade de formar parte dentro dun equipo multidisciplinar, dun dos proxectos máis ambiciosos de compostaxe descentralizada do estado.
- Salario bruto de 1181 euros mensuais

Condições de traballo:

- Posibilidades de traballar eventualmente en fins de semana
- O lugar de traballo será considerado dende os concellos nos que están en marcha os programas.
- Dispoñibilidade para desprazamentos e para traballar en distintos puntos dos concellos.
- Posibilidade de teletraballo.

ENVIAR CV a: info@amigosdaterra.net

Indicando no asunto: Oferta de emprego- Programas de Compostaxe

PRAZO:

Recepción de curriculumms a **ata as 23h do 28 de febreiro de 2018.**